

## O PAPEL DE SEGURIDADE ALIMENTARIA ANTE UN ABROCHO

Calquera sospeita de abrocho debe notificarse (ver teléfonos no rodapé). En verán, un dos tipos de abrocho mais frecuentes son os alimentarios e, nestes casos, a importancia dunha notificación rápida, dende o punto de vista epidemiolóxico, xa se recolleu nun número anterior de [Venres](#), onde se recordaban os tres pilares fundamentais do estudo do abrocho: identificar o axente, investigar o alimento e determinar os factores contribuíntes.

Ao mesmo tempo, unha notificación rápida permite que se poidan adoptar as medidas de control para evitar novos casos, tanto na nosa comunidade como en calquera outro lugar onde o alimento puidese ser distribuído.

Por outra banda, a detección (tanto por parte do operador comercial, como por parte das autoridades competentes grazas aos avisos de alerta recibidos) de alimentos non seguros para o consumidor, activa o Sistema de Alerta Rápida para Alimentos e Pensos (RASFF), que, en liñas xerais, consiste nun intercambio de información sobre as medidas adoptadas na resposta, para facilitar aos Estados membros da UE actuar con maior rapidez e de maneira coordinada.

No caso de España, existe un procedemento de similares características ao xa descrito, denominado SCIRI (Sistema de Coordinación e Intercambio Rápido de Información),

coordinado pola AECOSAN e no que participan todas as CCAA, que se pon en marcha cando os produtos non seguros non abandonaron o territorio nacional.

Do nivel de risco para a saúde que supoña o alimento non seguro, dependerá que se active un procedemento de **Alerta alimentaria** (cando o alimento que presenta un serio risco para a saúde está no mercado e require unha acción rápida) ou un procedemento de **Notificación de información** (ben porque o produto non alcanzou o mercado ou xa non está presente nel, ou ben porque a natureza do risco non require unha acción rápida).

Para garantir a eficacia do sistema, todas as autoridades implicadas (Comisión, AECOSAN, CCAA) deben garantir a existencia de polo menos un funcionario de garda co que se pode contactar fóra das horas de oficina, 24 horas ao día e sete días por semana, para comunicacións urxentes. En Galicia isto complétase coas gardas de seguridade alimentaria, realizadas polos Servizos Veterinarios Oficiais, que permite a realización de actividades de control oficial en fins de semana e festivos, no caso de ser necesario.

Ademais, tamén está contemplado nos procedementos de Alerta Alimentaria, cando sexa necesario, a información a través dos medios de comunicación.

## CAMPAMENTOS DE VERÁN: MEDIDAS SANITARIAS

Todos os veráns en Galicia realízanse un número importante de campamentos infantís e xuvenís. En todos eles deben de cumprirse unha serie de requisitos, que garantan unha correcta actuación sanitaria, co fin de impedir a aparición de abrochos epidémicos, así como outras patoloxías, feito que acontece cada ano nalgún campamento.

De acordo coas instrucións establecidas no DOG do 08/04/2016, que regula a oferta de prazas xuvenís, dentro do programa Campaña de verán 2016 [[ligazón](#)], e que tamén recollen como recomendacións a *Sociedade Española de Pediatría extrahospitalaria e Atención Primaria*, cada campamento debe ter recollida a información máis relevante da saúde de cada neno, cumprimento do calendario vacinal, singularidades médicas dos rapaces (alergias, tanto medicamentosas como de alimentos, asma, diabetes, enfermidades celíacas, etc...), ademais dunha ficha de cada neno na que figuren os tratamentos habituais e o centro médico no que é atendido habitualmente.

A incidencia sanitaria máis frecuente nestes campamentos son os abrochos de gastroenterite (GEA), xeralmente producidos por Norovirus.

Os abrochos poden ter varios mecanismos de transmisión: alimentaria (incluída a auga de bebida); por contacto con

augas recreativas; por transmisión persoa a persoa; e mixtos.

No caso de xurdir un abrocho destas características, é fundamental, para controlar a súa difusión, cumprir coas medidas básicas de hixiene:

- *Lavar frecuente e axeitadamente as mans e sempre despois de usar o lavabo.*
- *Limpar as superficies e desinfectar os lugares comúns, especialmente dos aseos.*
- *Desinfectar os obxectos que se tocan coas mans (tiradores das portas, interruptores da luz, ...)*
- *Os elementos de hixiene persoal (toallas, esponxas...) deben ser de uso individual e a ser posible desbotables.*

Na tempada de campamentos compre ter en conta que de detectarse un número inesperado de casos de calquera enfermidade debe notificarse ao Servizo de Alertas Epidemiolóxicas de Galicia co obxectivo de poder investigar a súa causa e de ser posible evitar a súa difusión.

Pode consultarse máis información nas ligazóns que se xuntan, coas recomendacións de hixiene a seguir [[ligazón](#)] e as enfermidades que, no caso de detectarse nalgún dos rapaces participantes, serían causa de exclusión do campamento [[ligazón](#)].